

Programación Web con HTML5, JavaScript, CSS3 e ASP.NET - Teleformación

Descrición

O obxectivo deste completísimo curso é a preparación do exame 70-480 de Microsoft, necesario para obter a certificación MCSA: Web Applications de Microsoft.

Tanto se desexa preparar o exame oficial coma se necesita dar un impulso aos seus coñecementos actuais de HTML, CSS e JavaScript para o seu traballo, este é o seu curso!

E ademais o alumnado estará en condicións de presentarche ao exame 70-480, necesario para obter a certificación MCSA: Web Applications de Microsoft.

Na parte final do curso inclúese o módulo ASP.NET Core MVC 3.1. 42 leccións orientadas a dar unha boa introdución a esta plataforma para alumnos que superasen con éxito os módulos anteriores.

Todo o material utilizado na formación está en español, e inclúe:

- Máis de 400 leccións repartidas entre teoría, vídeos e exercicios prácticos.
- Teoría detallada con explicacións claras dos conceptos clave. O alumnado poderá descargala ao final nun PDF/PDF de máis de 700 páxinas, imprimible e indexado, para tela de referencia e repaso posteriores.
- Máis de 23 horas de vídeos prácticos con demostracións de uso dos conceptos aprendidos.
- Código de exemplo descargable con todos os exemplos tocados no curso.
- Prácticas propostas na maior parte dos módulos, para que o alumno poida practicar, que lle xurdan dúbidas e poida aclaralas co titor.
- Gran cantidade de recursos relacionados (máis de 160), para complementar o material do curso.
- Avaliación continua: autoavaliacións para que o alumnado poida medir o seu progreso e un exame de avaliación final.

Obxectivos

Ao terminar esta formación o alumnado terá un coñecemento moito máis profundo e profesional das seguintes tecnoloxías:

- HTML5
- CSS3
- JavaScript avanzado
- jQuery
- APIs de HTML5
- ASP.NET

O obxectivo deste curso é a preparación do exame 70-480 de Microsoft, necesario para obter a certificación MCSA: Web Applications de Microsoft.

Dirixido a

Este curso está dirixido para aqueles perfís profesionais da programación interesados no desenvolvemento de aplicacións. Tamén será de utilidade a deseñadores e deseñadoras de solucións de comunicación móbil e desenvolvedores e desenvolvedoras de web interesados en migrar o código existente a este tipo de dispositivos.

Para un correcto aproveitamento do curso, é imprescindible que as persoas asistentes posúan coñecementos básicos de HTML, CSS, e intermedios de JavaScript. O curso non parte dun nivel cero e o contido elearning que se poñerá ao dispor do alumnado é moi amplo.

Para abordar con garantías o bloque opcional de ASPNET CORE é necesario dispoñer de coñecementos previos de .NET e C#.

É necesario un nivel medio de comprensión lectora en inglés.

Perfil do docente

O noso persoal docente son persoas con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos ámbitos de aplicación. Dispoñen das certificacións oficiais do fabricante (neste caso Microsoft) para impartir estes cursos e pasaron con éxito as probas de formación de formadores/as.

| | |
|------------------------------|---|
| DURACIÓN | 135 horas |
| PROGRAMA | Programación 2019/20 |
| MATRÍCULA | Gratuíta |
| METODOLOXÍA | Teleformación |
| TIPO | CURSO |
| CERTIFICACIÓN OFICIAL | Sí |
| EXAME CERTIFICACIÓN | Microsoft 70-480: Programming in HTML5 with Javascript and |
| HORARIO | null |
| PERIODO INSCRIPCIÓN | 10/12/2019 - 03/01/2020 |
| PROBA DE SELECCIÓN | 09/01/2020, 12:00 |
| PERIODO DOCENCIA | 27/01/2020 - 29/04/2020 |
| LUGAR DE DOCENCIA | Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en |
| Nº PRAZAS | 40 (Mínimo 10) |

Temario

BLOQUE 1: HTML5 E CSS 3

- Texto e elementos fundamentais en HTML5
- Follas de estilo en cascada a fondo
- O modelo de caixas a fondo
- Imaxes, figuras, mapas e sprites
- Multimedia - Audio e video en HTML5
- Posicionamento, maquetación e maquetación semántica en HTML5
- Formularios en HTML5
- AVALIACIÓN: HTML5 e CSS3

BLOQUE 2: JAVASCRIPT

- Detalles importantes ou pouco coñecidos sobre funcións, ámbitos e estruturas
- Xestión estruturada de excepcións e depuración de código
- Traballo con datas, tempo e temporizadores
- Programación orientada a obxectos con JavaScript
- Manipulación dinámica de elementos
- Eventos a fondo
- AJAX e comunicacións co servidor
- AVALIACIÓN: JavaScript

BLOQUE 3: JQUERY

- Fundamentos de jQuery
- Funcionalidade adicional de jQuery
- AVALIACIÓN: jQuery

BLOQUE 4: APIS AVANZADAS DE HTML5

- Transicións, transformacións 2D/3D e animacións con CSS3
- Creación de gráficos interactivos con SVG
- Gráficos de mapa de bits e manipulación de imaxes con Canvas
- Aplicacións Web sen conexión
- Storage API para almacenamento local
- Acceso ao sistema de arquivos dende o navegador: File API
- Xeolocalización e uso de Google Maps
- Comunicacións en tempo real na web con Web Sockets
- Tarefas en segundo plano e multi-fío con Web Workers
- EVALUACION: APIs avanzadas de HTML5

BLOQUE 5: Introducción a ASP.NET Core 3.1 e ASP.NET Core MVC 3.1

- Instalación de ASP.NET Core
- Creación dun proxecto ASP.NET Core:
- Estrutura de proxectos ASP.NET Core
- Modelos de execución de aplicacións
- Unha arquitectura modular: OWIN, Middlewares e Pipeline
- Inxección de dependencias
- Como arrinca unha aplicación ASP.NET Core?
- A clase Startup
- Contornas de execución
- Engadir paquetes NuGet ao proxecto
- Servir arquivos estáticos
- Settings de aplicación
- Middlewares personalizados
- Routing en ASP.NET Core
- PRÁCTICA: Sistema de routing
- patrón MVC
- ASP.NET Core MVC:
- Instalación e posta en marcha de ASP.NET Core MVC
- Respondendo a peticións simples
- Modelos de proxectos MVC